

O CENTRO COMERCIAL ÁREA CENTRAL ÚNESE Á CAMPAÑA DE DOAZÓN DE NADAL PROMOVIDA POLA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desprazará este xoves 18 de decembro unha unidade móbil ata as inmediacións do Centro Comercial Área Central de Santiago de Compostela, dentro da campaña de recollida de doazóns de sangue que ADOS desenvolve este Nadal baixo o lema "Doa Sangue. O mellor agasallo".

A ADOS quere convidar a todos os traballadores e traballadoras e aos usuarios e usuarias desta superficie comercial a participar nesta campaña de doazón e, para iso, desprazará unha unidade móbil que estará estacionada fronte á cabina de información das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas.

Área Central conta cunha longa traxectoria de colaboración que comezou no ano 1993. Desde este ano, as unidades móbiles da Axencia visitan periodicamente Área Central, acadando, no transcurso destas visitas desenvolvidas nas tres últimas décadas, 15.374 doazóns de sangue.

ADOS quere agradecer á xerencia do Centro Comercial Área Central as facilidades amosadas para o desenvolvemento das campañas de doazón de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os seus traballadores e traballadoras e aos usuarios e usuarias que participan activamente doando sangue.